

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 29 DE FEBREIRO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Folgoso do Courel dun treito da estrada provincial LU-P-1303.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se toma razón das medidas de choque fronte á avespa asiática (vespa velutina) para o ano 2024.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria conxunta do programa de subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal para destinalas ao alugueiro social e do programa de infravivenda.
- Acordo polo que se toma razón da resolución de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024, das axudas para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se determinan diversos sectores industriais como estratéxicos, para os efectos da elaboración dos seus plans directores, de acordo co establecido no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se determina o sector industrial da Industria das TIC como estratéxico, para os efectos da elaboración do seu plan director, de acordo co establecido no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.
- Acordo polo que se determina o sector industrial "Forestal-Madeira" como estratéxico, para os efectos da elaboración do seu plan director, de acordo co establecido no Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela para a vixilancia das carrachas vectores de enfermidade humana e animal.
- Acordo polo se autoriza a prórroga do convenio entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidade humana e animal.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de bioseguridade con destino ás áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde por un importe total de licitación de dezasete millóns catrocentos corenta e un mil setecentos oitenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (17.441.785,68 €) e un valor estimado de vinte e seis millóns novecientos trinta e tres mil oitocentos dezaioito euros con corenta e un céntimos (26.933.818,41 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do balance de actuacións dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero, durante o ano 2023.
- Acordo polo que se autoriza a subscribir o convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade coas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para realizar actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento na comunidade universitaria, integradas no programa anual de actividades do Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea– Next Generation UE, por un importe de catrocentos dez mil euros (410.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda ao convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) e o Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia, Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia para a elaboración do Plan estratéxico da industria forestal-madeira de Galicia, incrementando o importe total do convenio a douscentos setenta e oito mil euros (278.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da evolución das axudas destinadas ao fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e da concesión destas axudas na convocatoria do ano 2023.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da sinatura dun convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar da Xunta de Galicia para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e divulgar o apoio á devandita iniciativa.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre as obras de mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e da accesibilidade da rede de albergues públicos de peregrinos 2024.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre a situación dos servizos e infraestruturas ferroviarias en Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 16 de agosto de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións do programa de comercio circular.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FP E UNIVERSIDADES

- Informe sobre novos servizos de lectura dixital na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Informe sobre a evolución da formación nos plans de formación permanente do profesorado (PFPP).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a posta en marcha do concerto social de prazas para a discapacidade en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas sobre a cobertura de prazas en pediatría.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe relativo ao inicio de consulta pública previa para a tramitación dunha orde pola que regule a actividade de traslado de determinadas especies de crustáceos na Comunidade Autónoma de Galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO FOLGOSO DO COUREL DUN TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL NO NÚCLEO DE SEOANE

- Transfírese ao Concello o treito de 50 metros que se inicia na marxe dereita da vía LU-P-1303 Seoane-Visuña-Ferramulín
- Co cambio de titularidade a entidade local terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Folgoso do Courel dun tramo da estrada provincial LU-P-1303, situado no núcleo de Seoane.

O Concello do Folgoso do Courel solicitou a transferencia da vía provincial e a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito de 50 metros de lonxitude que se inicia na marxe dereita desta vía provincial, que une Seoane-Visuña-Ferramulín, comprendido entre os puntos quilométricos 0 e 0+050.

A transferencia a prol do Concello do Folgoso do Courel tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, a proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello do Folgoso do Courel terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA POTENCIA MEDIDAS DE CHOQUE CONTRA A AVESPA VELUTINA, CUN TRAMPEO XEOLocalIZADO EN TODA GALICIA E CO REFORZO DA FORMACIÓN E A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA

- O Consello da Xunta tomou razón das medidas innovadoras previstas para este 2024 co obxectivo de frear a propagación desta especie, que tamén inclúe o adiamento na retirada dos niños
- O trampeo, selectivo e planificado, toma como referencia a situación dos niños do 2023 e centrarase na captura das raíñas que saen en primavera en busca de alimento
- A Xunta renova por quinto ano consecutivo o programa galego de vixilancia e control fronte á avespá asiática coa encomenda da retirada dos niños á empresa Seaga
- O programa suma dous novos municipios e aplicarase por primeira vez en todo o territorio galego, cos 313 concellos adheridos
- Ao longo do ano pasado retiráronse máis de 29.500 niños no marco do programa galego de vixilancia e control fronte a avespá asiática

O Consello da Xunta deu conta visto e praxe hoxe ás medidas de choque previstas para este ano co obxectivo de frear a expansión da avespá velutina. O ano pasado rexistrouse un aumento extraordinario dos avisos recibidos pola presenza de niños desta especie con máis de 56.500 avisos, o que supón un incremento de máis do 40 % respecto do exercicio anterior.

Por iso, a Xunta implantará este 2024 novas medidas como, por exemplo, a realización dun trampeo selectivo e planificado, tomando como referencia a situación dos niños do ano anterior e dándolle resposta así a unha das principais demandas dos colectivos afectados pola avespá velutina. Trátase dun trampeo xeolocalizado para poder realizar un seguimento e estudar a evolución cos datos recollidos na aplicación Controlvelutina por parte dun grupo de traballo formado por técnicos competentes.

A medida centrase na captura de raíñas que desde comezos da primavera saen en busca de alimento a construír os primeiros niños. Xunto cos efectivos de Seaga colaborarán nesta tarefa axentes medioambientais e forestais e persoal dos servizos de emerxencias dos concellos, tanto de como Protección Civil como dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES).

Por outra parte, adiantarase a retirada dos niños primarios de pequeno tamaño e incidirase na formación, información e divulgación entre os efectivos que traballan na loita contra esta especie, os profesionais afectados e o conxunto da cidadanía, activando ademais unha campaña de divulgación. Tamén se impulsará a investigación científica para coñecer en maior profundidade o seu comportamento e así poder determinar o método máis efectivo para evitar a súa propagación.

Renovación da encomenda a Seaga

O Consello da Xunta tamén abordou hoxe a renovación por quinto ano consecutivo da colaboración coa empresa pública Seaga para a execución do programa galego de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

vixilancia e control fronte á avespá velutina acordado en 2020 entre o Goberno galego e Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Con este acordo a Xunta, a través do equipo de Seaga, ofrece unha solución homoxénea, centralizada e coordinada cos concellos para a eliminación e retirada de niños desta especie.

Como novidade, este ano os 313 concellos confirmaron a súa adhesión voluntaria ao programa, co cal xa chega á totalidade do territorio galego fronte aos 285 cos que comezou en 2020. De forma paulatina no seguintes anos fóronse incorporando novos municipios con 300 en 2021, 306 en 2022 e 311 o ano pasado.

Para a retirada e destrución de niños, a empresa pública conta cun equipo de coordinación encargado de organizar os efectivos de intervención. A Xunta xa ten reforzado os equipos de intervención coa dotación de material e medios necesarios para a realización das actividades (pértegas, escopetas, marcadoras, equipos de protección individual, insecticida, transporte, material informático...). Ademais, o persoal dispón da formación requirida segundo a normativa reguladora de capacitación para realizar tratamentos con biocidas.

O operativo de Seaga encargado da encomenda retirou o ano pasado máis de 29.500 niños. A Coruña foi a provincia que rexistrou un maior número de niños eliminados ou neutralizados en 2023 con 12.294, seguida dos máis de 8.800 da provincia de Pontevedra. En Lugo e Ourense retiráronse 4.638 e 3.707 niños, respectivamente.

Implantación de novas tecnoloxías

Por outra banda, o traballo da Xunta na loita contra a avespá velutina avanza cada ano coa implantación das novas tecnoloxías para habilitar novas formas de contacto coa cidadanía complementarias ás chamadas á liña específica do Teléfono de Atención e Información á Cidadanía 012. Por exemplo, a aplicación Controlvelutina, na que tamén se incluírán os datos dos trampeos, emprégana efectivos de Seaga para xestionar os avisos introducindo en tempo real os datos de xeolocalización e fotografías do niño, as observacións de cada caso e o resultado final.

Entre outras novas tecnoloxías implantadas como novas formas de contacto coa cidadanía complementarias ás chamadas figuran un chatbot que permite contactar co servizo 012 as 24 horas do día e os 365 días do ano. O Goberno galego mantivo ademais o servizo de comunicación mediante SMS coas persoas que deron a notificación para informalas da resolución dos avisos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2,2 M€ A AXUDAR AOS CONCELLOS A REHABILITAR VIVENDAS E DESTINALAS A ALUGUEIRO SOCIAL

- Rueda resalta que isto permite seguir incrementando o parque residencial “con prezos de alugueiro accesible” para familias ou persoas con poucos recursos
- Salienta que os concellos de menos de 20.000 habitantes poderán recibir ata 57.000 € para recuperar “vivendas de titularidade municipal en desuso”
- Tamén se subvencionará a rehabilitación de edificacións no rural, públicas ou privadas, que non reúnan as mínimas condicións de habitabilidade
- Desde a posta en marcha deste programa, o Goberno galego apoiou xa a máis dun cento de concellos na recuperación de 352 vivendas destinadas a alugueiro social

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai destinar este ano máis de 2,2 millóns de euros a axudar aos concellos a rehabilitar vivendas e poñelas en alugueiro social. O obxectivo, segundo resaltou, é seguir incrementando o parque residencial á disposición dos colectivos máis vulnerables “con alugueiros a prezos accesibles”.

Estes fondos canalizaranse a través dunha orde de axudas que publicará no mes de marzo a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tras recibir esta mañá o visto e prace do Consello da Xunta.

A convocatoria inclúe dous programas diferenciados aínda que co obxectivo común de apoiar ás entidades locais galegas na execución de obras de rehabilitación con fins residenciais para atender as necesidades da súa poboación e, en especial, para facilitar o acceso a un fogar de familias e persoas con escasos recursos económicos.

Concretamente, tal e como explicou Rueda, a convocatoria de 2024 reserva 1,85 millóns de euros ás axudas a concellos de menos de 20.000 habitantes “para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal que xa non están en uso, como poden ser as antigas casas dos mestres, e destinalas a alugamento social”.

A Xunta poderá chegar a subvencionar ata o 95 % do custo da actuación con incentivos de 50.000 euros con carácter xeral ou de 55.000 euros se a edificación está nun conxunto histórico ou nalgún dos Camiños de Santiago, contías que se incrementarán ata os 52.000 e os 57.000 euros, respectivamente, se o inmovible pertence ao ámbito dalgunha das sete Áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe) declaradas actualmente en Galicia.

Ademais, os adxudicatarios das vivendas resultantes deberán ser persoas ou familias que teñan ingresos inferiores a 2,5 veces o Indicador público de renda de efectos múltiples (Iprem), é dicir, 21.000 euros ao ano.

En canto á outra liña de axudas, o programa de infravivenda, vai dirixida a municipios de menos de 10.000 habitantes e, polo tanto, eminentemente rurais. Cun orzamento asignado de 370.000 euros, a Xunta cubrirá tamén ata o 95 % das obras —cun límite de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

15.000 euros— destinadas a rehabilitar elementos exteriores, mellorar as condicións estruturais, a seguridade ou a accesibilidade dos inmobles ou garantir a habitabilidade.

O presidente explicou que os concellos poden acollerse a estes incentivos para recuperar vivendas “en mal estado” que formen parte do seu patrimonio co fin de alugalas a familias con poucos recursos —ingresos ponderados que non superen 1 vez o Iprem— ou tamén “para axudar con carácter de urxencia” a veciños que residan nunha infravivenda e carezan de medios propios cos que financiar as obras necesarias para garantir a habitabilidade do seu domicilio.

Neste último caso, as entidades locais beneficiarias deberán acreditar que algún dos residentes é propietario desta, que nin el nin ningún dos outros habitantes posúen outra vivenda en propiedade, e que os ingresos —ponderados en función do número de membros que integre a unidade de convivencia— non superan os 8.400 euros anuais.

Entre ambas as liñas e tendo en conta que o orzamento total reservado para a convocatoria deste ano ascende a 2,22 millóns de euros, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) estima que poderá axudar a rehabilitar máis de 60 vivendas destinadas a alugueiro a prezos accesibles no conxunto da Comunidade.

352 vivendas recuperadas desde 2016

Cómpre lembrar que o Goberno galego convoca subvencións para restaurar infravivendas no rural e para a rehabilitación de edificios de titularidade municipal destinados a alugueiro social desde os anos 2016 e 2017, respectivamente.

Neste período, o IGVS destinou preto de 10 millóns de euros a apoiar a máis dun cento de concellos galegos na recuperación de 352 vivendas, das que 200 foron froito da rehabilitación de inmobles municipais que estaban en desuso ou abandonados, como as vivendas de mestres; e os 152 restantes eran vivendas localizadas en contornas rurais —habitadas ou non— cuxo estado de conservación facía necesaria unha intervención, parcial ou total, que garantir a súa habitabilidade.

Ademais, cómpre lembrar que os concellos que reciben axudas para rehabilitar vivendas da súa propiedade e destinalas despois a alugueiro social teñen a posibilidade de beneficiarse tamén do Fondo de Cooperación do IGVS, que ofrece préstamos sen xuros a devolver en 8 anos a municipios de menos de 50.000 habitantes. Estes préstamos poden destinarse á adquisición de novos inmobles para rehabilitar ou a financiar a parte da recuperación integral de edificios da súa propiedade que non cobre a outra subvención.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE 7,6 M€ EN AXUDAS A PRETO DE 90 ENTIDADES LOCAIS PARA PROXECTOS DE CARA Á IMPLANTACIÓN E MELLORA DA RECOLLIDA E RECICLAXE DOS BIORRESIDUOS

- O obxectivo é colaborar coas administracións municipais no cumprimento da lexislación vixente sobre a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón
- O Goberno galego leva concedidos preto de 14,5 M€ a preto de 180 entidades locais para colaborar no cumprimento da normativa europea neste eido
- Esta resolución enmárcanse no apoio económico e loxístico da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ás entidades locais galegas para optimizar os servizos municipais dedicados a xestionar o lixo doméstico

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da resolución pola que se conceden 7,6 millóns de euros a preto de 90 entidades locais para a posta en marcha de 124 proxectos de cara á implantación da recollida selectiva e á mellora da xestión da fracción orgánica de orixe doméstica (os chamados biorresiduos).

Máis polo miúdo, por provincias, 39 entidades municipais coruñesas recibirán máis de 2,05 millóns de euros para financiar un total de 55 proxectos. No caso da provincia de Lugo, financiaranse 25 proxectos de 18 concellos con máis de 460.000 euros. En Ourense, 7 entidades locais contarán con máis de 420.000 euros para levar a cabo 9 iniciativas. E, no que atinxe á provincia de Pontevedra, a Xunta concederá axudas, por un importe total de preto de 4,7 millóns de euros, a 22 entidades para financiar 35 proxectos.

Cómpre lembrar que esta convocatoria de axudas, correspondente ás anualidades 2023-2024 e financiada con cargo a fondos do programa comunitario *Next GenerationUE*, conta con dúas liñas de actuación. Unha ten como obxectivo a implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento, e a outra refírese a iniciativas para a separación e reciclaxe en orixe destes refugallos mediante compostaxe doméstica ou comunitaria. As axudas de ambas as liñas concédense por concorrencia non competitiva e foron atendidas todas as solicitudes que cumprían os requisitos establecidos.

Deste xeito, ao abeiro da liña 1 destas axudas, serán susceptibles de financiarse cuestións como a compra de caldeiros, bolsas compostables, sacas reutilizables, contedores para a vía pública, sistemas de recollida porta a porta, camións de recollida sempre que sexan eléctricos ou de biogás de orixe renovable, e tamén campañas de información e sensibilización á poboación.

No marco da segunda liña de financiamento, entre os gastos subvencionables inclúense as biotrituradoras, os composteiros comunitarios, os caldeiros domésticos, así como outro material necesario para compostar como, por exemplo, aireadores, termómetros ou tamizadores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, por liñas de axudas, destínanse 5,1 millóns de euros a financiar 47 proxectos relativos á primeira liña e preto de 2,5 millóns de euros a 77 iniciativas da segunda.

Colaboración institucional

Deste xeito, aínda que a xestión de residuos é competencia das administracións locais, o Goberno galego mantén o obxectivo de colaborar cos concellos para o cumprimento da lexislación vixente sobre a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica contida nos residuos urbanos a través do quinto contedor, de cor marrón.

De feito, desde 2018 o Goberno galego concedeu preto de 14,5 millóns de euros a case 180 entidades locais para colaborar no cumprimento da normativa europea, que fixou o 31 de decembro de 2023 como prazo límite para a instalación do quinto contedor. Precisamente, co fin de axudar as entidades locais a cumprir o calendario establecido por parte da Unión Europea, a contía das axudas concedidas nesta convocatoria supón máis do 50 % dos fondos destinados a este obxectivo por parte da Xunta.

Ademais de colaborar economicamente coas entidades locais na implementación do servizo de recollida separada destes refugallos, a Xunta tamén impulsou a Rede de infraestruturas para a xestión da materia orgánica, que foi executada por Sogama. Así, puxo en marcha unha rede composta por 4 infraestruturas para o tratamento de biorresiduos e 13 plantas de transferencia de apoio, das que 6 son de nova construción e 7 foron remodeladas.

E, no marco do seu programa de compostaxe doméstica, Sogama repartiu xa, de forma gratuíta, máis de 21.400 composteiros entre 459 entidades (226 concellos, 201 centros educativos e 32 colectivos sociais), para promover a reciclaxe de materia orgánica en orixe e avanzar cara a un modelo de economía circular.

Esta resolución enmárcase no apoio económico e loxístico da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ás entidades locais galegas para optimizar os servizos municipais dedicados a xestionar o lixo doméstico. Desde 2018, e incluída esta convocatoria o Goberno galego destinou máis de 29,4 millóns de euros a financiar 600 proxectos municipais neste eido.

A maiores, cómpre lembrar que na actualidade, se está traballando tamén na aprobación do Plan de xestión de residuos municipais de Galicia 2023-2030 e do Plan de xestión de residuos Industriais de Galicia 2023-2030, que lle darán continuidade aos anteriores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A DECLARACIÓN DE SEIS SECTORES INDUSTRIAIS COMO ESTRATÉXICOS PARA INICIAR A ELABORACIÓN DOS SEUS PLANS DIRECTORES

- Trátase da industria metalmecánica, a automoción, a construción naval, o sector forestal-madeira, a industria das TIC e a loxística industrial
- Os plans directores son instrumentos para potenciar o desenvolvemento da actividade industrial nun sector concreto a través da definición das medidas necesarias para o seu impulso co obxectivo de fortalecer a industria galega e a creación e mantemento de emprego
- Forman parte da estratexia de política industrial de Galicia que pretende facilitar o proceso de adaptación da industria galega ao contexto actual e futuro, incluíndo a transformación enerxética e dixital
- Tras a declaración, levarase a cabo unha consulta pública na que calquera persoa ou entidade poderá presentar as achegas que considere convenientes
- Na elaboración destes plans directores tamén participarán as consellerías con competencias na materia, así como o sector privado e representantes dos traballadores

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, declarar un total de seis sectores industriais como estratéxicos co obxectivo de poder iniciar a elaboración dos seus respectivos plans directores. En concreto, trátase da industria metalmecánica, a automoción, a construción naval, o sector forestal-madeira, a industria das TIC, así como a loxística industrial.

Deste xeito, a Xunta pretende desenvolver estes novidosos instrumentos incluídos na Lei de medidas fiscais e administrativas que forman parte da estratexia da política industrial de Galicia e que teñen como obxectivo potenciar o desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto de que se trate. Para logralo, definiranse as medidas, mecanismos e medios necesarios para fortalecer o sector, mellorar a competitividade, fomentar a súa internacionalización e sustentabilidade, impulsar a innovación industrial, incrementar o emprego industrial e estimular a captación de investimento.

A Secretaría Xeral de Industria, dependente da Consellería de Economía, Industria e Innovación, está realizando as análises para a detección dos sectores cuxas características xustifican tanto a súa declaración como estratéxicos como a elaboración do correspondente plan director. Así, nesta primeira proposta das consellerías de Economía, Industria e Innovación, Facenda e Administración Pública e Medio Rural, inclúense seis sectores. Por unha banda, o metalmecánico, automoción e construción naval, tres plans que permitirán definir a folla de ruta do metal galego, pois o 40 % do emprego industrial está concentrado nestas actividades. O sector forestal-madeira que, ao estar moi localizado en comarcas rurais, vai permitir fixar poboación e loitar contra o reto demográfico. E, por último, a industria das TIC e de loxística industrial cuxo impacto terá un efecto multiplicador para o conxunto da industria galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha vez declarado o carácter estratéxico destes sectores por parte do Consello da Xunta, levarase a cabo unha consulta pública a través do portal de transparencia e goberno aberto para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas. Ademais, na elaboración dos plans directores participarán as consellerías con competencias nas distintas actividades, así como o sector privado, representantes dos traballadores e resto de axentes implicados. Antes da súa aprobación serán necesarios os informes tanto do Consello Galego de Economía e Competitividade como do Consello Económico e Social.

Deste xeito, trátase de contar cun instrumento consensuado e que dea unha resposta real ás necesidades de cada sector, co obxectivo de acompañalo durante o seu proceso de transformación. Contará con medidas que, partindo dunha análise da situación de partida, permitan impulsar a modernización e produtividade, dixitalizar procesos, implantar modelos de produción máis eficientes e respectuosos co ambiente e mellorar a seguridade. Terá un peso especial, ademais, a potenciación do capital humano.

Os plans directores, xunto co Plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais son instrumentos da planificación da política industrial enmarcados nunha estratexia que ten como obxectivo facilitar o proceso de adaptación e transformación enerxética e dixital da industria galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 200.000 EUROS NA VIXILANCIA DE ESPECIES DE MOSQUITOS E CARRACHAS QUE PODEN AFECTAR HUMANOS E ANIMAIS

- As consellerías de Sanidade e Medio Rural continuarán a colaborar xunto coa Universidade de Santiago de Compostela na vixilancia das carrachas vectores de enfermidade humana e animal
- A Universidade de Vigo súmase a estas institucións, na vixilancia de especies de mosquitos transmisoras de enfermidades, como poden ser o virus do Nilo Occidental, o dengue, o zika, o chikungunya, a malaria ou a leishmania
- Estes dous convenios permitirán mellorar a identificación das carrachas e mosquitos transmisores, tanto de enfermidades a humanos como a animais, ademais de facilitar a posta en marcha de medidas de prevención para evitar a súa transmisión

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración entre as Consellerías de Sanidade e Medio Rural e as universidades de Santiago de Compostela e Vigo, para a vixilancia de certas especies de carrachas e mosquitos que poden transmitir enfermidades a humanos e animais. No seu conxunto, o investimento destes dous convenios ascende até os 217.800 euros.

Por un parte, o Executivo galego destinará un total de 72.600 euros para darlle continuidade ao convenio de colaboración que manteñen a Dirección Xeral de Saúde Pública, e a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Alimentarias, coa Universidade de Santiago co obxectivo de ampliar o coñecemento sobre a presenza, distribución e densidade das carrachas vectores.

Este acordo, que se estenderá até abril de 2025, posibilitará seguir a traballar no desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de padecer enfermidades asociadas aos determinantes de saúde, no marco da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (REGAVIVEC).

Entre estas actuacións, atópase a vixilancia das carrachas vectores de enfermidades humanas e animais, como poden ser o caso da Borreliose de Lyme, a febre exantemática mediterránea, a anaplasnose, a erliquiose ou a febre hemorráxica polo virus Crimea-Congo.

A necesidade de vixilancia das carrachas tamén vén determinada pola necesidade de comprobar a densidade e infección por diferentes microorganismos das poboacións de carrachas xa existentes, así como a determinación da densidade -e posible infección- de carrachas do xénero *Hyalomma* (vector do virus Crimea-Congo) que xa foron detectadas en Galicia en 2019, no marco da vixilancia establecida polo anterior convenio (2018-2021).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro dos convenios autorizados esta mañá posibilitará a contratación de persoal investigador e de apoio; a adquisición de equipamento e material funxible para a recollida de mostras, asumir os custos dos desprazamentos ás zonas de mostraxe.

Así mesmo, tamén posibilitará seguir coas funcións da rede de vixilancia mediante a toma de mostras nas 53 comarcas galegas; afondar na análise serolóxica de mostras de animais para coñecer a posible circulación de patóxenos; seguir ampliando o número de entidades colaboradoras na rede de vixilancia ou determinar a presenza en hóspedes de anticorpos fronte a diferentes patóxenos transmitidos por carrachas.

145.200 euros para a vixilancia dos mosquitos vectores

O Executivo galego tamén autorizou esta mañá a ampliación do convenio entre a Xunta e as universidades de Vigo e Santiago de Compostela, por un importe de 145.200 euros (72.600 € cadansúa universidade), para o control e vixilancia de especies de mosquitos transmisoras de enfermidades, como poden o virus do Nilo Occidental, o dengue, o Zika, o Chikungunya, a malaria ou a Leishmania.

A necesidade da vixilancia dos dípteros parte da posible importación de casos, humanos ou animais, desde países ou áreas onde as enfermidades son endémicas ou por intercambio de animais e persoas entres países e, que de existir aquí os vectores, como é o caso dos mosquitos vectores da enfermidade do virus do Nilo Occidental, Dengue, Zika e Chikungunya poderían dar lugar a casos autóctonos, tanto humanos como animais.

Igualmente, para certas enfermidades as aves migratorias desenvolven un papel importante como reservatarios dos microorganismos, polo que poderían, se xa existe o vector, introducilos na Comunidade Autónoma Galega.

O convenio asinado en xuño de 2021, e cuxa vixencia se estende até o 30 de abril do ano 2024, achegou un grao de coñecemento importante sobre os vectores presentes nas zonas con mostraxes, con achados relevantes no eido da entomoloxía sanitaria, como a detección por primeira vez en Galicia do vector *Aedes albopictus* (mosquito tigre), posible transmisor de enfermidades coma o dengue, Zika e Chikungunya.

Polo tanto, é de interese seguir mantendo a colaboración cos grupos destas dúas universidades galegas coa finalidade de seguir a aumentar o coñecemento sobre os vectores en Galicia, ademais da obriga que supón, tanto para a Consellería de Sanidade como para a do Medio Rural o coñecemento sobre os riscos que poden afectar a poboación humana e animal e, con base nese coñecemento, establecer as medidas preventivas necesarias.

Ademais, esta prórroga do convenio (2021-2024) permitirá seguir coa vixilancia, entre outros, mediante a redistribución segundo as circunstancias e necesidades, das zonas para a colocación de trampas e explorar, mediante mostraxes de *dipping*, novas áreas de interese.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas actuacións repercutirán no incremento do coñecemento científico sobre estes vectores sumamente beneficioso tanto para as Consellerías como para as universidades. A sinatura desta prórroga do convenio terá vixencia o 30 de abril de 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE XIRINGAS E AGULLAS CON DISPOSITIVO DE BIOSEGURIDADE PARA O SERGAS CUN AFORRO ANUAL PREVISTO DE MÁIS DE 350.000 EUROS

O Servizo Galego de Saúde destina máis de 17 millóns de euros á subministración sucesiva destes produtos de uso común en todos os centros sanitarios

O Consello da Xunta autorizou, na súa reunión semanal, a contratación da subministración sucesiva de xiringas e material de punción con dispositivo de bioseguridade para os centros de todas as áreas sanitaria do Sergas por un valor de 17.441.785 euros ata 2027.

As agullas e xiringas constitúen produtos básicos e de uso común en todos os centros sanitarios para a administración de medicación ou extracción de fluídos para a realización de mostras diagnósticas. A utilización de catéteres periféricos e de determinados tipos de agullas especiais é unha práctica habitual para a administración de fármacos e/ou soroterapia na maioría dos procesos patolóxicos dos pacientes.

Ademais de garantir a subministración deste material para o amplo conxunto de técnicas médicas e de enfermaría no que se utiliza, este procedemento tamén ten como obxectivo a utilización de dispositivos de bioseguridade no material de punción para a prevención no persoal sanitario de lesións causadas por material punzante e a exposición e contaminación con axentes biolóxicos, é dicir, reducir os accidentes laborais con risco biolóxico.

O obxectivo final nesta contratación é unha redución media dos prezos actuais de compra dun 6 %, xa que se espera unha baixada nas ofertas dos licitadores. Así, a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas estima un aforro de 351.769 euros por ano.

Tras a autorización do Consello da Xunta da tramitación deste expediente, será publicado para a súa licitación. A continuación recibiranse as ofertas para ser valoradas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDEU MÁIS DE 930 AXUDAS ECONÓMICAS A VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO EN 2023

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinou o pasado ano máis de 20,5 millóns de euros (+14,71 %) á loita contra a violencia machista, o que permitiu que todas as mulleres que precisaron axuda a recibiron
- Preto de 120 mulleres foron contratadas por entidades locais e sen ánimo de lucro o pasado ano no marco dos incentivos ao emprego que convoca a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade
- Máis de 230 persoas recibiron acubillo nos sete recursos da Rede Galega de Acollemento e máis de 1.480 persoas (1.150 mulleres e 273 menores) acudiron aos servizos de atención psicolóxica
- A través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) outorgáronse preto de 600 bonos de alugueiro social para as vítimas desta lacra

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade mobilizou en 2023 máis de 20,5 millóns de euros, case un 15 % máis que 2022, cos que outorgou máis de 930 axudas económicas a vítimas da violencia de xénero. Con estes apoios, dos que informou hoxe o Consello da Xunta, trátase de facilitar ás persoas que están a pasar por esta situación ingresos para poder rachar a relación de dependencia cos agresores e iniciar unha vida afastada da violencia.

Galicia é referente por dispor de achegas periódicas para as mulleres vítimas da violencia de xénero de ata 800 euros durante 12 meses. Estes pagamentos, que se poden solicitar en calquera momento do ano, chegaron en 2023 a 678 mulleres. A Xunta dedicou a este recurso preto de 4,5 millóns de euros.

As axudas de pagamento único, pola súa banda, cunha contía máxima de 11.520 euros, dotan as vítimas con poucos recursos e dificultades para acceder ao emprego, cunha contía equivalente a seis meses do subsidio de desemprego. No 2023 beneficiáronse destes apoios 244 mulleres para os que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinou case 1,5 millóns de euros.

A Administración autonómica apoia tamén as persoas que, no eido da violencia de xénero, teñen recoñecidas indemnizacións económicas por sentenza xudicial, e non as están a percibir polos danos e perdas causados, téndose concedido en 2023 un total de seis. Existe outra liña de indemnizacións económicas dirixida ás fillas e fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como ás mulleres gravemente feridas con achegas de 7.000 euros para os beneficiarios que foron 4 o pasado ano (2 mulleres e 2 orfos).

Así mesmo, a Xunta concede indemnizacións ás mulleres que resultan gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero. En 2023 un total de dous mulleres recibiron este apoio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Emprego e atención psicolóxica

A loita contra a violencia de xénero é un compromiso que a Xunta de Galicia enfronta de xeito transversal. Así, cada ano colabora coas entidades locais e organizacións sen ánimo de lucro para incentivar a contratación de mulleres vítimas da violencia de xénero, xa que o emprego é clave para acadar a independencia do agresor. En 2023, o Goberno galego concedeu esta axuda a 41 concellos, o que permitiu a contratación dun total de 90 mulleres. Con respecto á convocatoria dirixida a entidades sen ánimo de lucro, beneficiáronse 14 organizacións que puideron contratar 27 mulleres.

En colaboración co Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), a Xunta de Galicia destina fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero ao Bono de alugueiro social. As axudas concedidas en 2023 foron 595 (236 primeiras concesións e 359 prórrogas) por importe de preto de 2,8 millóns de euros. É unha partida que se reparte e abona entre os exercicios 2023 e 2024 tendo en conta que a prestación se concede por un período de 12 meses consecutivos.

Todos estes apoios estanse a completar coa atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e tamén a outras persoas do seu contorno familiar, que acadaron o pasado ano as 1.481 persoas beneficiarias ou coa quenda de garda psicolóxica, especializada e permanente, para as mulleres e os seus fillos e fillas menores que sofren violencia de xénero dispoñibles en todos os partidos xudiciais de Galicia (realizáronse un total de 80 intervencións en 2023). Así mesmo, o programa *Abramos o círculo de atención psicolóxica a homes con problemas de control da violencia* chegou a 105 homes.

A Xunta, ademais, dispón da Rede Galega de Acollemento para vítimas de violencia de xénero, trata ou explotación sexual, que conta con sete recursos entre casas de acollida, vivendas tuteladas e centro de emerxencia. Acubillou en 2023 un total de 233 persoas (142 mulleres e 91 menores de idade). Doutra banda, o Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI) atendeu en 2023 un total de 34 casos.

A Administración autonómica tamén conta con servizos de información e atención a través dos números de teléfono 900 400 273 ou 016. A cifra total de chamadas recibidas en 2023 foi de 3.652. Outro recurso é o servizo telefónico de atención e protección móbil para vítimas (Atenpro) que ofrece unha atención inmediata as 24 horas do día e os 365 días do ano. O número de usuarias en alta a peche de 2023 foi de 710. Así mesmo, a través dos 84 Centros de Información á Muller (CIM) atendéronse, ademais, 10.587 consultas.

Todos estes recursos amosan o firme compromiso da Xunta contra a violencia de xénero. De feito, os orzamentos de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinan a este fin un 15 % máis que en 2023, para manter os recursos, servizos e prestacións e tamén para reforzalos e amplialos.

É preciso lembrar, por último, que a Xunta está a reclamar, por outra banda, a creación de xulgados de violencia sobre a muller en todas as cidades galegas. Con este mecanismo que o Goberno galego considera imprescindible, garantírase a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialización e atención próxima ás vítimas, facilitará o acceso aos recursos asistenciais e axilizaría os procedementos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E AS TRES UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS CREARÁN OS PREMIOS AO EMPRENDEMENTO PARA IMPULSAR A CULTURA EMPRESARIAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e as tres universidades galegas para a realización nos sete campus dun programa de actividades de emprendemento
- Cada unha das universidades outorgará 20 galardóns aos dous mellores traballos en dúas categorías: Trballo Fin de Grao ou Trballo Fin de Mestrado e Doutorado
- Levarasen a cabo tamén feiras de emprendemento e apoio ao emprego nos sete campus, organizaranse congresos, desenvolveranse accións de *mentoring* e poranse en marcha aceleradoras de proxectos promovidos por estudantes que se acaban de titular
- Promoción do Emprego e Igualdade incrementou este ano o orzamento destinado ao emprendemento nun 51,6 % con respecto a 2023

A Xunta continúa co impulso que lle está a dar ao emprendemento en Galicia para diversificar a actividade económica sobre o territorio a través da creación de emprego de calidade e o asentamento da poboación. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e as tres universidades públicas galegas (Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo) por un importe de 410.000 euros para desenvolver actuacións de difusión, promoción e apoio ao emprendemento entre a comunidade universitaria.

Trátase dunha actuación que xa se desenvolveu en 2023, con novidades este ano: a realización de feiras de emprendemento e apoio ao emprego nos sete campus e a creación de premios ao emprendemento universitario en cada unha das universidades. En concreto, outorgáranse 20 galardóns ao emprendemento en cada universidade aos dous mellores traballos nas cinco áreas de coñecemento, divididos en dúas categorías: Trballo Fin de Mestrado/Trballo fin de Grao e Doutorado.

O convenio, que forma parte do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, tamén inclúe, como o pasado ano, a realización doutras actividades en cada un dos campus para difundir e promover o espírito emprendedor e innovador entre os estudantes, como a realización de congresos específicos de emprendemento centrados, por exemplo, no ámbito rural, nas mulleres ou na innovación; ou o apoio a ideas emprendedoras que xurdan entre o alumnado e persoas recentemente tituladas de cada universidade, ou entre o resto de membros da comunidade universitaria co fin de impulsar habilidades e competencias emprendedoras a través da formación dos emprendedores e emprendedoras e da súa titorización, encamiñada a elaborar un modelo de negocio. Así mesmo, impulsárase o desenvolvemento de aceleradoras de proxectos emprendedores promovidos por estudantes ou persoas recentemente tituladas, así como investigadores pertencentes á comunidade universitaria, co obxectivo de que estas persoas poidan validar as súas ideas de negocio e aplicarlas a unha demanda real do mercado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén inclúense nesta iniciativa autonómica e da universidade accións de *mentoring* con profesionais que asesorarán un proxecto emprendedor para asegurar a súa implantación no mercado; conferencias e/ou obradoiros para adquirir coñecementos e competencias transversais e habilidades emprendedoras que axuden á empregabilidade; e charlas ao alumnado sobre as saídas laborais e a opción do emprendemento como unha forma de explotar o talento e crear empresas.

A sinatura deste convenio permitirá, polo tanto, levar a cabo actuacións de emprendemento en todos os campus universitarios. É unha actuación que se enmarca no programa anual de actividades do futuro Centro de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Comunidade Autónoma Galicia, que se está a construír na Coruña, no marco tamén do Plan de recuperación, transformación e resiliencia– NextGenerationUE. Este centro está na actualidade en obras e estímase que entre en funcionamento a finais de ano.

A actuación que se autoriza hoxe no Consello da Xunta supón unha acción coordinada coas universidades públicas de Galicia coa finalidade de potenciar e dar rendibilidade aos recursos, metodoloxías, técnicas e procesos, dirixidos á promoción do emprendemento, ao desenvolvemento do espírito empresarial e ao fomento da innovación na comunidade universitaria. O que se pretende, en definitiva, é difundir, promover e fomentar a cultura emprendedora na comunidade universitaria, mediante un programa de actividades.

As universidades constitúen un axente necesario para o desenvolvemento do espírito empresarial e o fomento da innovación dirixido a mozos e mozas con ideas innovadoras e que teñen interese en desenvolveselas con enfoque de negocio dentro da comunidade universitaria.

Esta colaboración enmárcase na realización de actividades de fomento do emprendemento en Galicia que está a levar a cabo a Xunta dentro das políticas activas de emprego. En 2024, o orzamento da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para darlle un pulo ao emprendemento increméntase nun 51,6 % con respecto a este 2023, ata acadar os 30,6 millóns de euros. Así mesmo, implementarase a Estratexia galega de emprendemento, cun impulso coordinado con todos os axentes implicados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA ATA OS 278.000 EUROS O ORZAMENTO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DA INDUSTRIA FORESTAL-MADEIRA EN COLABORACIÓN COAS DIFERENTES ENTIDADES DESTE SECTOR

- O Goberno galego vén de asinar a segunda addenda deste convenio, que contaba inicialmente cun orzamento de 150.000 euros, estará en vigor ata novembro de 2024 e busca responder ás necesidades e demandas da realidade deste eido na comunidade
- A Axencia Galega da Industria Forestal traballará co Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, a Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia

O consello da Xunta vén de aprobar a segunda addenda do convenio entre a Axencia Galega da Industria Forestal, dependente da Consellería do Medio Rural, e o Clúster da Madeira e o Deseño de Galicia, a Asociación Provincial de Empresarios da 1ª Transformación da Madeira de Lugo e a Federación Empresarial de Aserradoiros e Rematantes de Madeiras de Galicia para elaborar un Plan estratéxico da industria forestal-madeira.

Este convenio, conta a partir de agora cun orzamento de 278.000 euros -128.000 euros máis que o investimento inicial, que era de 150.000 euros- xa que, á vista da información obtida no desenvolvemento dos primeiros fitos do convenio, conclúese na necesidade de dedicar máis recursos á fin de obter un plan estratéxico da industria forestal-madeira de Galicia útil e acaído coas necesidades industriais. En concreto para a XERA supón que a achega que aportará para o ano 2024 ascende a 184.000 euros.

O Plan estratéxico da industria forestal-madeira de Galicia

Entre as actividades que pretenden desenvolver, buscan establecer os mecanismos axeitados para garantir unha oferta estable de produtos, especialmente daqueles con valor engadido. Para levar isto a cabo, sería necesario tamén integrar as necesidades da industria cunha planificación e xestión dos recursos forestais aliñada cos obxectivos sustentables da revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 "Cara á neutralidade carbónica".

Ademais, o futuro Plan estratéxico identificará as infraestruturas de investigación, formación e transferencia do forestal-madeira competitivo e innovador. Tamén crearán mecanismos de cohesión e cooperación que fortalezan ao sector e procurarán lazos para que a actividade forestal estea vinculado coas sociedades rurais e urbanas.

A maiores, crearase unha comisión de seguimento para poder acadar unha maior eficacia e operatividade nas relacións entre as diferentes entidades. Deste xeito, constituirase unha comisión mixta de carácter paritario, integrada por dous representantes de cada unha das asociacións colaboradoras, que se reunirán cando algunha das partes o solicite ou, como mínimo, unha vez por ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A comisión realizará o seguimento, vixilancia e control da execución de convenio e das obrigas de cada unha das entidades. Adoptaranse cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisan de cara a garantir a boa execución do convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa execución.

Este plan vén dar resposta a unha demanda histórica das principais asociacións industriais galegas que compoñen a cadea de valor, deste xeito, a Xunta de Galicia reforza a súa aposta pola cogobernanza, involucrando dende o principio aos principais actores industriais do sector forestal de Galicia para a elaboración do seu propio plan industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU NA CONVOCATORIA DE 2023 UN TOTAL DE 3,7 M€ AO FOMENTO DA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS EN COMÚN EN RÉXIME ASOCIATIVO NO AGRO GALEGO

- Estas achegas teñen como obxectivo mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización
- No período 2016-2023, o goberno autonómico destinou a estas axudas preto de 19 millóns de euros, dentro do compromiso co asociacionismo das explotacións agrarias

A Xunta destinou na convocatoria de 2023 un total de 3.727.844,19 euros ás axudas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo no agro galego. Estes fondos beneficiaron sete cooperativas e permitiron a mobilización duns 7,8 millóns de euros en investimentos no rural da nosa comunidade. O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre estas achegas, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A finalidade destas subvencións, que están destinadas ás cooperativas agropecuarias, é mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, co fin de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación agrícola. Ademais, tamén se busca reducir as emisións dos gases efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura.

As axudas van dirixidas a cooperativas agrarias, que poden financiar con elas todo tipo de instalacións e investimentos de uso común, tanto de reforma como de nova construción, pero que supoñan unha redución dos custos de produción ou incrementen a súa produtividade. Tamén son financiáveis cuestións como a compra de terreo, os honorarios técnicos ou as licenzas.

A maior novidade desta convocatoria, en relación ás anteriores, foi a esixencia dun mínimo de 10 socios nas cooperativas solicitantes. Ao tratarse dun réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das subvencións aplicouse un baremo de puntuación, no que se tiveron en conta cuestións como o número de explotacións agrícolas na cooperativa, investimentos en aforro enerxético, a súa limitación con zonas naturais ou a porcentaxe de mulleres que haxa na asociación.

Compromiso da Xunta a prol do asociacionismo das explotacións agrarias

Mediante axudas coma estas materialízase o compromiso da Xunta de Galicia a prol do asociacionismo das explotacións agrarias, para facilitar o seu acceso á produción e a modernización dos procesos inherentes ao sector. Neste sentido, refórzase o asociacionismo como compoñente esencial nunha agricultura competitiva, sustentable e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

orientada ao mercado global. No período 2016-2023 o goberno autonómico destinou a estas axudas preto de 19 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONVENIO ENTRE A XUNTA, O GOBERNO CENTRAL E A AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO FORTALECERÁ O PROGRAMA DE CAPACITACIÓN DOS PORTOS AZUIS DA FAO

- A súa sinatura permitirá financiar a través do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación esta iniciativa do organismo da ONU con máis de 94.000 euros que aportan a partes iguais a Consellería do Mar, Portos do Estado e o porto olívico
- O proxecto enfoca a atención nas boas prácticas en sustentabilidade, tanto ambiental como socioeconómica, que se realizan nos peiraos pesqueiros e que son susceptibles de poder facerse extensivas a outro tipo de dársenas
- A comunidade galega, coas súas 128 instalacións portuarias e 65 lonxas, a maior cifra de España con moita diferenza, constitúe un contorno idóneo para transmitir a outras zonas xeográficas do mundo o coñecemento e experiencia nesta materia

O Consello da Xunta de Galicia analizou na súa reunión de hoxe o convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e a divulgación desta iniciativa. O obxectivo desta é o de promover accións de formación dirixidas a países en vías de desenvolvemento nas que se fará fincapé nas boas prácticas en sustentabilidade, tanto ambiental como socioeconómica, nos portos pesqueiros e nas súas áreas de influencia.

Para permitir a execución deste programa formativo a financiación que aportarán as partes asinantes ascenderá durante este ano 2024 a un total de 94.080 euros, repartidos a partes iguais entre Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Xunta, aportando cada unha 31.360 euros. Dado que pola natureza xurídica de cada unha delas non facía posible que fixesen efectivas as súas achegas de maneira directa, estableceuse o marco de colaboración co MAPA, que trasladará finalmente o financiamento de cada unha destas partes á FAO.

A intención de reforzar a colaboración con este organismo da ONU manifestouse desde xullo de 2022, cando as catro partes que agora protagonizan o convenio asinaban no porto olívico unha Declaración Institucional polo impulso da Economía Azul nos portos pesqueiros a nivel internacional na que manifestaban o seu interese por apoiar a Iniciativa da FAO e, en particular, as súas actividades de capacitación e formación.

Este programa constitúe unha ferramenta estratéxica dirixida a estimular a activación dun enfoque de economía azul nos procesos operativos dos portos de pesca, o desenvolvemento de ferramentas para a implementación de boas prácticas e a xeración de coñecemento en torno ao impacto dos portos e a súa área de influencia.

O convenio está pendente da súa firma e terá unha duración dun ano a contar desde o día da súa inscrición no Rexistro Electrónico Estatal de Órganos e Instrumentos de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cooperación (REOICO) do sector público estatal. Os asinantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Estratexia coordinada

Considérase que a experiencia de España e, en concreto, Galicia, no sector da pesca e na actividade portuaria vinculada é un activo que poñer en valor no marco desta iniciativa internacional. A comunidade galega constitúe un entorno de referencia para este tipo de iniciativas, pois conta con 128 portos en total distribuídos ao longo do seu litoral, seis de ámbito estatal e 122 de titularidade autonómica. Xunto ás 65 lonxas conforman un sistema portuario pesqueiro diverso, complexo e que presta servizo a unha frota heteroxénea en tamaño e actividades, e que se converten en motores de dinamización socioeconómica e de fixación da poboación.

Esta circunstancia, xunto co apoio á formación a outras zonas xeográficas en sostibilidade pesqueira, podería ter un efecto moi positivo no futuro de cara ao posicionamento de España ante a eventual creación por parte da FAO dunha oficina da Iniciativa de Portos Azuis no territorio nacional, que tería no Porto de Vigo a súa ubicación idónea, tendo en conta o papel que xoga este peirao como referente internacional no campo do crecemento azul coa súa estratexia Blue Growth e por ser o primeiro porto español en tráfico de pesca fresca e conxelada.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ DURANTE ESTE 2024 MELLORAS DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA REDE PÚBLICA DE ALBERGUES DO CAMIÑO DE SANTIAGO CON MÁIS DE 1 M€

- O Consello da Xunta informou hoxe do planificación de actuacións que inclúe traballos en 34 albergues con instalación de paneis fotovoltaicos, entre outras
- Tamén se realizarán melloras de illamentos exteriores, reparación e substitución de elementos, e se continuarán a realizar actuacións referidas á accesibilidade

A Xunta de Galicia afondará durante este ano 2024 na mellora da eficiencia enerxética da rede pública de albergues do Camiño de Santiago cun investimento de máis de 1M€ dentro da planificación anual de Turismo de Galicia para o mantemento e conservación dos albergues públicos da rede. O Consello da Xunta informou hoxe das actividades previstas que suporán actuar este ano nun total de 34 albergues de sete itinerarios. Será, en concreto, en cinco do Camiño de Fisterra-Muxía, 14 no Camiño Francés, tres no Camiño Inglés, dous no Camiño do Norte, catro no Camiño Portugués e Portugués da Costa, un no Camiño Primitivo e cinco na Vía da Prata.

Entre as actuacións, está previsto levar a cabo traballos no exterior e no interior dos albergues, pintura e mellora de illamentos exteriores, corrixir humidades e reposición dalgúns alicatados, instalación de baños accesibles e, focalizarse de maneira especial en mellorar a eficiencia enerxética fundamentalmente coa instalación de paneis fotovoltaicos para reducir o consumo da enerxía, entre outras.

Por albergues, neste 2024 actuarase en cinco do Camiño de Fisterra-Muxía: o de Negreira: os de Olveiroa e O Conco, ambos en Dumbría e os de Fisterra e de Muxía. No Camiño Francés, a planificación inclúe actuar en 14: o do Cebreiro e Hospital da Condesa, ambos en Pedrafita do Cebreiro; o de Triacastela; a Casa Forte de Lusío, en Samos; o de Calvor, Sarria e Barbadelo, todos en Sarria; o de Ferreiros en Paradela; Airexe-Ligonde en Monterroso; o dos Chacotes e Mato Casanova en Palas de Rei; o de Melide; o de Santa Irene, no Pino e o do Monte do Gozo, en Santiago de Compostela.

Ao abeiro desta planificación actuarase tamén no albergue de Miño, na Casa da Pescadería (Betanzos), e no de Bruma (Mesía), os tres situados no Camiño Inglés. Haberá tamén actuacións en dous albergues do Camiño do Norte (o de Vilaba e o da Cabana, en Friol), así como en un do Camiño Primitivo (Seixas, en Palas de Rei).

Traballo continuado

No Camiño Portugués e Portugués da Costa prevense actuacións en catro albergues, en concreto, no de Tui, Vigo, Casa da Torre (Redondela) e O Faramello (Teo) e no que se refire á Vía da Prata a previsión é actuar nun total de cinco: Casa do Asistente (Verín), Vila de Rei (Trasmiras), Xinzo de Limia, Sandiás e Casa da Viúva (A Gudiña).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta planificación para a mellora da Rede Pública de Albergues enmárcase no traballo levado a cabo pola Xunta de Galicia para mellorar os servizos aos peregrinos e manter e conservar o patrimonio xacobeo. Dos máis de 26M€ que o Goberno autonómico leva investidos desde o ano 2015 en actuacións para aos albergues da rede (incluíndo a creación de novos albergues), máis de 10 destináronse ás obras de mellora da rede pública. A día de hoxe está composta por 76 albergues con ao redor de 4.000 prazas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ADVIRTE DUN “BALANCE PREOCUPANTE” NO ESTADO DE EXECUCIÓN DAS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS FERROVIARIOS COMPROMETIDOS POLO GOBERNO CENTRAL EN GALICIA

- Asegura que así o constata un informe sobre esta materia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade avaliado hoxe no Consello da Xunta
- Advirte dos “rumores” que apuntan a que o Executivo central incumprirá de novo o prazo comprometido para a posta en servizo dos trens Avril antes de Semana Santa, o que suporá unha “oportunidade perdida” para o sector turístico da Comunidade
- Lamenta que o Plan Director do Corredor Atlántico “non está nin se lle espera” e incide que que o noroeste precisa investimentos por 8.000 M€
- Na liña de alta velocidade Madrid-Galicia, urxe o impulso dos tramos que faltan para completar a entrada do AVE a Ourense coa Variante Exterior e a execución da parte ferroviaria da estación intermodal
- Demanda un cronograma e un plan de investimentos para a Saída Sur de Vigo e a conexión en alta velocidade con Portugal
- Apunta a que o informe revela que non hai previsión da “imprescindible modernización” das liñas Ferrol-A Coruña; A Coruña-Monforte ou Ferrol-Ribadeo
- Anuncia que estas “petición e necesidades” de melloras serán unhas das cuestións “fundamentais” que abordará con Pedro Sánchez na reunión que lle solicitará “inmediatamente” tras a súa toma de posesión como presidente da Xunta de Galicia

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, advertiu hoxe dun “balance preocupante” no estado de execución das infraestruturas e servizos ferroviarios comprometidos en Galicia polo Goberno central e que, segundo admitiu, está a ser unha das “inquietudes fundamentais” do Executivo autonómico.

Rueda informou de que esta é a principal conclusión dun informe da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, avaliado hoxe no consello da Xunta, sobre a situación dos servizos e das infraestruturas ferroviarias na comunidade, abordando as principais necesidades das liñas e dos servizos de tren en Galicia.

Neste senso, o mandatario galego en funcións lembrou que o Goberno galego enviou ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible no pasado mes de outubro unha serie de propostas sobre as melloras necesarias. E ante a falta de resposta, anunciou que estas “peticións e necesidades” serán unhas das cuestións “fundamentais” que abordará co titular do Executivo central, Pedro Sanchez, na reunión que lle solicitará “inmediatamente” tras a súa toma de posesión como presidente da Xunta.

Trens abril despois de Semana Santa

Rueda precisou detalles da avalación de xeito pormenorizado que realiza este informe sobre o funcionamento dos servizos de ferrocarril na comunidade. En concreto, referiuse a que aínda se continúa a agardar pola data concreta de activación dos trens AVRIL, a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

única opción para que a alta velocidade, ademais de a Ourense, chegue ás cidades restantes. "Non sabemos nada, só rumores", lamentou o presidente da Xunta en funcións.

Neste senso, lembrou que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, despois de ter incumplido todas as datas anunciadas ata agora, trasladou o seu compromiso de posta en servizo dos trens Avril no primeiro trimestre de 2024. No entanto, apuntou que semella que tampouco no período de vacacións de Semana Santa Galicia se poderá contar con este activo que xa reclamara, sen éxito, para o Xacobeo 2021-2022 e que, segundo alertou, supón unha nova "oportunidade perdida" para o sector turístico.

Rueda tamén lamentou a "incógnita" de que o Goberno de España tampouco teña confirmado as unidades destes trens de rodadura desprazable que disporá Galicia, estimándose necesarios 7 trens Avril e 6 servizos diarios (entre ida e volta) para garantir a competitividade entre Madrid e as cidades galegas. En todo caso, adiantou que serían "absolutamente insuficientes" que se confirmase o "rumor" de que, finalmente, poden ser só dúas as unidades.

Plan director do Corredor Atlántico

Rueda tamén se referiu ao Plan Director do Corredor Atlántico que considerou fundamental para mellorar a competitividade das empresas do noroeste. "Nin está nin se lle espera", alertou, ao tempo que recriminou que o comisionado non se teña reunido aínda co Goberno galego. Sobre esta infraestrutura, explicou que as comunidades afectadas teñen calculado que serán precisas actuacións por un importe de 8.000 M€ para adaptar as infraestruturas.

Ademais, tamén advertiu que o Goberno galego percibiu a mesma desatención por parte do Executivo central en crear unha rede de cercanías como hai noutras comunidades, que sería clave para mellorar a mobilidade, sobre todo na contorna de cidades como Vigo e A Coruña. "Nunca máis se volve falar deste tema que para Galicia sería prioritario", advertiu en referencia a que este foi un compromiso adquirido por Pedro Sánchez na súa sesión de investidura como presidente do Goberno de España.

Mellora tramos AVE Madrid-Galicia

Rueda lembrou que outra das propostas sen resposta que a Xunta trasladou en outubro ao Goberno central foi a da necesidade de mellorar certos tramos do AVE Madrid-Galicia.

En concreto, o presidente da Xunta en funcións referiuse a rematar tramos como a entrada a Ourense pola Variante exterior; de culminar as obras da estación intermodal da cidade das Burgas ou de remodelar o túnel do Padornelo. De igual xeito, tamén demandou axilizar os nós fóra de Galicia para facilitar a conexión con alta velocidade con outros territorios. Neste senso, puxo como exemplo que a variante de Olmedo permitiría a conexión directa con País Vasco ou Cataluña sen pasar por Madrid.

AVE Vigo-Porto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, tamén fixo fincapé en que o informe revela que aínda non existe un cronograma nin plan de investimentos do AVE Vigo-Porto. En concreto, puxo como exemplo da falta de vontade do Goberno central en materia de infraestruturas ferroviarias comprometidas con Galicia o estado da Saída sur en Vigo.

“Hai un eterno papeleo nos medios, pero non hai ningunha realidade”, advertiu. Polo contra, salientou que o Goberno portugués “avanza nos seus prazos” de cara a posta en marcha desta infraestrutura.

Liñas Ferrol-A Coruña; Monforte-Coruña e Ferrol-Ribadeo

Finalmente, o mandatario galego en funcións tamén lamentou que no informe se constata que tampouco hai previsións da “imprescindible modernización” das liñas Ferrol-A Coruña; A Coruña- Monforte ou Ferrol-Ribadeo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE APOIOS POR 1,2 M€ PARA O IMPULSO DA ECONOMÍA CIRCULAR NO SECTOR COMERCIAL E ARTESÁN

O Consello avaliou as axudas concedidas a máis de 500 comerciantes e obradoiros, así como a 31 asociacións, para a adquisición de solucións sustentables de envasado e etiquetado

O Consello da Xunta avaliou, na súa reunión desta mañá, os apoios por máis de 1,2 millóns de euros concedidos a 545 comerciantes e obradoiros artesáns e 31 asociacións co obxectivo de impulsar a economía circular no sector comercial e artesán galego.

As axudas, destinadas á adquisición de solucións sustentables de envasado e empaketado realizadas con materiais cen por cen naturalmente biodegradables ou ecolóxicos, poden chegar aos 4.200 euros no caso dos comerciantes retallistas e obradoiros artesáns, en función do número de traballadores. No caso das asociacións de comerciantes, as axudas alcanzan o 90 % do investimento subvencionable e poden chegar ás 11.970 euros dependendo do número de comercios asociados.

As axudas concedéronse mediante concorrencia non competitiva. O tipo de actuación á que se concedeu un maior volume de axudas foi á adquisición de bolsas comerciais de fibras naturais ou material reciclado, sumando apoios por máis dun millón de euros. Para a adquisición de caixas e sobres de cartón e papel reciclado outorgáronse axudas por máis de 165.000 euros. Outras actuacións financiadas foron a compra de cordas ou cintas de rafia, algodón ou outros materiais naturais; etiquetas; ou recheos, proteccións acolchadas e escumas para a embalaxe, entre outros.

O impulso ao comercio de proximidade é un dos eixos da actuación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, apostando pola transformación dixital e sustentable dun sector clave para a creación de riqueza e emprego en Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA OS SERVIZOS DE LECTURA DIXITAL NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS PARA SEGUIR INCREMENTANDO A PORCENTAXE DE GALEGOS QUE LEN HABITUALMENTE

- Na última década, o índice de lectura da Comunidade aumentou un 6,5 % fronte ao 5,7 % da media estatal, segundo o último barómetro publicado polo ministerio
- O propósito da Consellería de Cultura é estender a lectura entre a cidadanía e mellorar a posibilidade de acceso á cultura en xeral
- Entre as novas iniciativas destaca a app de préstamo electrónico GaliciaLe, o carné único ou a modalidade para que galegos do exterior poidan acceder aos fondos

O Consello deu conta hoxe dos novos servizos de lectura dixital na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, coordinada pola Xunta e composta por 302 espazos xestionados tanto polo Goberno galego como por concellos. Trátase dun paquete de medidas que está implantando a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades co obxectivo de mellorar o acceso da cidadanía á lectura e á cultura a través das novas tecnoloxías.

Segundo o *Barómetro de hábitos de lectura e compra de libros en España 2023*, que vén de publicar o Ministerio de Cultura, o índice de lectura en Galicia sitúase actualmente no 61,7 % fronte ao 55,2 % no que estaba hai dez anos. Isto supón un crecemento do 6,5 % fronte ao 5,7 % da media española, co que Galicia amosa un mellor comportamento neste tempo. O propósito agora é seguir incrementando estas taxas, para o que se habilitan toda unha serie de medidas artelladas a través do Plan xeración cultura, a folla de ruta aprobada pola Xunta de Galicia para apoiar o gran momento do sector.

Co lanzamento destas novas iniciativas búscase mellorar os datos de lectura pública mediante a lectura dixital de balde e legal, facilitando o acceso ao libro e aos creadores de Galicia, así como ao audiovisual feito en Galicia. Isto beneficiará tamén o sector editorial do libro en galego, a través da produción de contidos en formato dixital. De feito, segundo o mencionado barómetro do ministerio, o idioma elixido polo 57,9 % dos galegos como lingua habitual de lectura en todos os soportes é o galego.

Un catálogo de 14.000 fondos

A primeira das medidas é a nova app da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, que se acaba de poñer en marcha e incorpora GaliciaLe, a plataforma de préstamo electrónico das bibliotecas públicas. Nela inclúese o catálogo dispoñible en galego e castelán, cun total de 14.000 fondos aos que o usuario pode acceder co seu dispositivo móbil, co que tamén tramitar préstamos en calquera momento ou realizar diferentes xestións.

Esta app inclúe, así mesmo, unha nova versión dixital do carné de usuario, que xa se pode solicitar telematicamente e unha nova modalidade para persoas non residentes en Galicia, unha opción que busca promover e facilitar a lectura no noso idioma en calquera lugar do mundo, algo orientado especialmente aos galegos do exterior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En paralelo, a Xunta vén de redeseñar a páxina web da Rede de Bibliotecas, en consonancia coa actualización da imaxe corporativa, incorporando novas funcionalidades e contidos, converténdoa nunha ferramenta máis manexable para profesionais e usuarios.

Retos do futuro

A Xunta de Galicia, comprometida coa promoción da lectura e o sector do libro, continuará poñendo en marcha novos proxectos para avanzar nas políticas públicas de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas de Galicia e para estender o servizo bibliotecario a toda a poboación. Así o está a facer tamén con *A furgoteka*, o servizo móbil que leva este servizo a concellos de rural sen biblioteca. Logo da súa estrea en 2023 con dúas rutas, este ano lanzará unha terceira. Toda este conxunto de iniciativas permitirá continuar na senda de crecemento dos índices de lectura, aspectos que van en liña coas futuras leis de Cultura inclusiva e accesible de Galicia e a de Cultura dixital.

En canto ás novas actuacións no ámbito dixital, prevese seguir incrementando o catálogo de GaliciaLe, especialmente os títulos en galego, con novidades editoriais e audiovisuais e coa incorporación de revistas dixitais galegas, así como mellorar prestacións como as fichas de cada libro, o buscador e o sistema de visualización.

As melloras abranguen tamén adaptacións para a incorporación e descarga de audiolibros e unha área específica para a preservación da Memoria Dixital de Galicia. Ademais, a Xunta tamén traballa no fomento dos clubs de lectura dixitais a partir do catálogo de GaliciaLe e ampliará a renovación doutros portais, incluíndo a Biblioteca de Galicia situada na Cidade da Cultura e as seis bibliotecas de xestións autonómica que funcionan nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO SÍTÚANSE EN MÁXIMOS CON 34.000 DOCENTES PARTICIPANTES E CASE A TOTALIDADE DOS CENTROS EDUCATIVOS

- O obxectivo desta acción é atender as necesidades formativas e a mellora de competencias docentes, o que redonda nunha mellora da calidade educativa
- A Xunta implantou por primeira vez esta liña no curso 2012-13 con preto de 7.000 horas de formación e nunha década multiplicáronse por dez ata as 70.500 horas
- As actividades máis demandadas son as que teñen que ver coa competencia dixital, a competencia en educación inclusiva e coeducación e a competencia didáctica

O Consello da Xunta vén de analizar un informe da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades sobre a evolución dos plans de formación permanente do profesorado en centros na última década, onde se constata un crecemento exponencial tanto no que atinxe a número de actividades como profesorado e centros participantes. Esta é unha iniciativa estratéxica do Goberno galego no eido educativo que ten como principal finalidade garantir a axeitada formación e preparación do profesorado para ofrecer a mellor educación ao alumnado e preparalo para os retos de presente e de futuro.

Non en balde, tras a súa implantación como experiencia piloto o curso 2012-13 e logo dunha década de funcionamento, o curso pasado esta iniciativa acadou máximos de case 34.000 docentes participantes nalgunha das liñas que o conforman fronte aos algo máis de 3.800 do primeiro ano. Isto significa que o pasado curso máis de nove de cada dez docentes galegos se formaron no seu centro a través dun plan deste tipo.

Así mesmo, a cobertura dos plans acada o 95 % dos centros educativos, fronte ao 18 % adscritos no 2012-13. A evolución tamén é positiva no que atinxe ao número de plans (que pasa de 68 a 1.018 na última década) e no número de actividades formativas (de 342 a 4.075).

Competencia dixital, inclusión e didáctica

Por competencias e liñas formativas desenvolvidas, a competencia dixital sitúase á cabeza concentrando o 39 % dos participantes; en segundo lugar, a competencia en educación inclusiva e coeducación co 24 % de participantes e a competencia didáctica, que acapara o 22 % de participantes.

Estas preferencias están aliñadas cos cambios normativos e de currículo, coa importancia dos principios de inclusión e atención á diversidade en todo o sistema educativo, así como co aumento e presenza das tecnoloxías da innovación e a comunicación nas aulas, sobre todo derivados dos efectos da pandemia.

Despois séguenlle a competencia en innovación e investigación (10 % de participantes) e a competencia comunicativa e lingüística (co 5 % de participantes).

Oferta diversificada e adaptada a cada centro

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que esta acción naceu como unha vía de formación específica no propio centro educativo, cunha oferta diversificada adaptada ás circunstancias de cada colexio ou instituto e ao seu profesorado. O obxectivo é de fomentar que os centros educativos desenvolvan plans específicos de formación que contribúan á autonomía do profesorado, á mellora da práctica profesional, ao desenvolvemento do traballo en equipo e a impulsar a investigación e a innovación metodolóxica.

A súa finalidade é, por tanto, atender as necesidades formativas e a mellora de competencias docentes, o que redunda nunha mellora das competencias do alumnado e da calidade educativa no seu conxunto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO TRAMITARÁ 150 NOVAS PRAZAS PÚBLICAS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE QUE SE SUMARÁN ÁS MÁIS DE 5.000 INCLUÍDAS NOS CONCERTOS SOCIAIS

- O Consello da Xunta avaliou un informe sobre a posta en marcha destes concertos por parte da Consellería de Política Social e Xuventude
- Mañá 1 de marzo entrarán en vigor os concertos acordados coas principais federacións do ámbito da discapacidade e cos que se blindan uns servizos fundamentais para mellorar a calidade de vida destas persoas

O Goberno galego comezará, de maneira inminente, coa tramitación de 150 novas prazas públicas de atención á discapacidade repartidas por centros de toda a comunidade. Estas prazas sumaranse ás máis de 5.000 incluídas nos concertos sociais no ámbito da discapacidade recentemente resoltos. Precisamente, o Consello da Xunta avaliou un informe sobre a posta en marcha destes concertos sociais por parte da Consellería de Política Social e Xuventude.

Coa resolución destes procedementos, o Executivo autonómico responde a unha demanda histórica do tecido social da comunidade e cumpre cos prazos aos que se comprometeu o pasado 20 de novembro. Naquel momento, a Xunta asinou un acordo coas principais federacións de discapacidade para blindar uns servizos que son fundamentais para mellorar a calidade de vida destas persoas.

Así, ao longo dos últimos meses a Consellería de Política Social e Xuventude iniciou a tramitación para pasar a concerto social un total de 5.045 prazas de atención diúrna e residencial a persoas con discapacidade que financia coas entidades sociais. Así mesmo, ao longo deste mes de febreiro xa se resolveron as seis convocatorias acordadas, unha por cada tipoloxía de discapacidade: dano cerebral, trastornos do espectro autista (TEA), enfermidade mental, discapacidade física, discapacidade intelectual e parálise cerebral.

Investimento de 100 millóns de euros ao ano

Deste xeito, e tal e como estaba previsto, mañá 1 de marzo entrarán en vigor estes concertos por un período inicial de catro anos —ata 2028— e prorrogables ata dez anos, cun investimento histórico por parte da Xunta de máis de 100 millóns de euros anuais. A través deles consolídase un total de 5.045 prazas públicas en centros distribuídos por todo o territorio galego que son xestionados por entidades de iniciativa social.

Ademais, coa resolución destes concertos garántese a estabilidade económica e seguridade das entidades, xa que se incrementa de media un 30 % o investimento no financiamento das prazas en relación aos contratos que se manteñan coas entidades. Así mesmo, con esta fórmula favorécese unha atención de calidade aos usuarios e ás súas familias, que non terán que percorrer longas distancias para poder acceder a unha praza, posto que o concerto social dálle prioridade ao arraigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A INCORPORACIÓN INMEDIATA DE 70 NOVOS PEDIATRAS A ATENCIÓN PRIMARIA E HOSPITAIS COMARCAIS MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS

- Resalta que Galicia “foi pioneira” en ofertar “prazas en propiedade” en lugares de “difícil cobertura”
- O día 20 deste mes de febreiro rematou o prazo para solicitar destinos e entregar a documentación acreditativa de requisitos e capacidade funcional
- As 70 prazas que se van cubrir nos próximos días son 58 de atención primaria e 12 de hospital comarcal
- Presentáronse un total de 181 aspirantes

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou esta mañá a incorporación “inmediata” de 70 novos pediatras a centros de saúde de toda Galicia e seis hospitais comarcais, froito da última convocatoria ofertada por concurso de méritos para cubrir prazas “de difícil cobertura que levaban moito tempo vacantes”.

Rueda lembrou que “Galicia foi pioneira” á hora de ofertar prazas en propiedade mediante mediante este sistema, é dicir, sen exame e enmarcou estas medida nas accións que, “dentro das súas capacidades”, está a levar cabo a Administración autonómica para paliar o déficit de profesionais en determinadas especialidades.

No caso concreto deste concurso ofertábanse 60 prazas de pediatra para atención primaria e 12 para seis hospitais comarcais. Tal e como explicou o presidente, transcorrido o prazo de 10 días que rematou o 20 de febreiro, foron elixidos os destinos ofertados polas persoas participantes. Adxudicáronse os destinos e cóbrense 58 das 60 prazas de pediatras de primaria e a totalidade das referidas aos hospitais comarcais. O departamento sanitario galego fará unha segunda volta para cubrir as dúas prazas pendentes de adxudicar de pediatras de primaria, segundo se desprende dun informe da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, que hoxe abordou o Executivo galego na súa reunión semanal.

A convocatoria establece un procedemento que permite á Administración que, no suposto de non incorporación ao servizo activo no destino adxudicado e no prazo establecido dalgún aspirante seleccionado, poida seleccionar a novos aspirantes, atendendo á puntuación que resulte da lista definitiva do proceso entre aqueles aspirantes que non obtiveron praza, coa finalidade de procurar a máxima cobertura das prazas.

Neste proceso, o número de persoas presentadas é de 106 na categoría de pediatra de atención primaria e 75 na de facultativo especialista en pediatría e as súas áreas específicas, facendo un total de 181 solicitudes.

Postos de difícil cobertura

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa finalidade de diminuír o déficit de persoal sanitario de diversas especialidades, en Galicia aprobouse, en outubro de 2022, a Lei 2/2022, do 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en Ciencias da Saúde do Sergas, que establece medidas extraordinarias e temporais en materia de emprego público dirixidas a garantir a adecuada atención sanitaria de toda a poboación galega. O acceso sen proba de exame resulta da baremación de méritos de experiencia, formación académica e continuada, publicacións, entre outras.

As prazas ofertadas en atención primaria son as seguintes:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PEDIATRA ATENCIÓN PRIMARIA	
ÁREA SANITARIA	CENTRO DE SAÚDE
A.S. A CORUÑA E CEE	Arteixo
	Cambre
	Carballo
	Vimianzo
	Matogrande
	Matogrande
	Ponteceso-Corme
	O Ventorrillo
	O Ventorrillo
	Fisterra
	Muxía-Dumbría
Sada	
TOTAL A.S. CORUÑA E CEE	12
A.S. FERROL	Fontenla Maristany
	Fontenla Maristany
	Ortigueira-Cariño
TOTAL A.S. FERROL	3
A.S. SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	Rianxo
	Ribeira
	Silleda-Vila de Cruces
	Mazaricos-A Baña
	Ames-Bertamiráns
	Boiro
	Lalín
	Valga
Teo-Cacheiras	
TOTAL A.S. SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	9
A.S. LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	Mondoñedo
	Viveiro
	Viveiro
	Cervo
	Chantada
	Monterroso
	Quiroga-Escairón- A Pobra do Brollón-Bóveda-Rubián
	Vilalba
	Vilalba
TOTAL A.S. LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	9
A.S. OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	Verín
	Maceda-Trives-Castro Caldelas
	A Ponte/O Carballiño
	O Barco de Valdeorras
	Verín
TOTAL A.S. OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	5

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A.S. VIGO	Ponteareas
	Ponteareas
	Rúa Cuba
	A Cañiza
	Pintor Colmeiro
	A Doblada
	A Doblada
	Rúa Cuba
	Tui
	Tomíño
	Cangas
	Moaña
	Moaña
	Mondariz/Covelo
	Redondela
TOTAL A.S. VIGO	15
A.S. PONTEVEDRA E O SALNÉS	Sanxenxo
	Sanxenxo-Baltar
	Vilagarcía de Arousa
	A Lama-Cerdedo-Cotobade-Ponte Caldelas
	Moraña-Cuntis
	A Illa de Arousa-Ribadumia
	O Grove
TOTAL A.S. PONTEVEDRA E O SALNÉS	7
TOTAL SERGAS	60

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As prazas en hospitais comarcais son as seguintes:

HOSPITAIS COMARCAIS			
AREA SANITARIA	HOSPITAL	ESPECIALIDADE	PAZAS
A.S. SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA	Hospital Público de Barbanza	Pediatría e as súas áreas específicas	2
A.S. LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	Hospital Público da Mariña	Pediatría e as súas áreas específicas	2
A.S. LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	Hospital Público de Monforte de Lemos	Pediatría e as súas áreas específicas	1
A.S. OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	Hospital público do Barco de Valdeorras	Pediatría e as súas áreas específicas	1
A.S. OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	Hospital público de Verín	Pediatría e as súas áreas específicas	2
A.S. PONTEVEDRA E O SALNÉS	Hospital público do Salnés	Pediatría e as súas áreas específicas	4
TOTAL SERGAS			12

Cobertura de máis de 100 prazas de medicina de familia

Polo mesmo sistema de concurso, esta semana rematará a incorporación de 64 facultativos especialistas de atención primaria. Así, xunto cos 42 médicos de familia incorporados por concurso de méritos, o Sergas consegue incorporar 106 médicos de atención primaria con carácter fixo.

Por outra parte, o día 16 de marzo celebraranse en Silleda as probas selectivas para acceso a prazas de persoal facultativo especialista de área e persoal do 061, con oferta de prazas en 37 categorías e especialidades, na liña de estabilización de emprego temporal que vén desenvolvendo o Servizo Galego de Saúde.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA INICIA A REGULACIÓN DOS TRASLADOS DE CRUSTÁCEOS COÑECIDA COMO AVIVEIRAMENTO EN RESPONSA ÁS DEMANDAS DO SECTOR PESQUEIRO

- O obxectivo do procedemento presentado no Consello é ordenar a actividade para cubrir un baleiro que afectaba a profesionais do mar e ao resto de operadores
- Estableceranse as pautas regulamentarias mínimas que transcorren entre o momento da captura e o do seu desembarco final para levalos á lonxa
- Camarón, nécora, centola, boi, lumbrigante e santiaguiño son, fundamentalmente, as especies afectadas por estas prácticas que se pretenden regular

O Consello da Xunta de Galicia abordou na súa reunión de hoxe un informe relativo ao inicio de consulta pública previa para á tramitación dunha orde coa que se pretende cumprir cunha vella demanda do sector pesqueiro galego: a regulación da actividade de traslado de determinadas especies de crustáceos na comunidade autónoma, que se coñece popularmente co nome de aviveiramento.

Esta práctica, que se estende polo conxunto do litoral galego, pasa por manter almacenadas no mar e con vida as capturas deste tipo de mariscos, en concreto o camarón, a nécora, a centola, o boi, o lumbrigante e o santiaguiño. Pode ir desde só unhas horas a varios días en función da previsión dos prezos ou de xuntar unha cantidade suficiente de crustáceos que lle compense ao produtor o seu traslado á lonxa, co fin de que cheguen ao punto da primeira venda nas mellores condicións.

A Consellería do Mar trata de dar resposta ao desenvolvemento do aviveiramento ou “actividade de traslado” mediante unha regulación específica que cubra e ordene o baleiro existente neste caso particular, outorgando aos pescadores afectados e ao resto dos operadores que interveñen en todo este proceso as pautas reguladoras mínimas que transcorren entre o momento do almacenamento das especies capturadas e o desembarco destas para a súa comercialización.

Esta actuación normativa facilitará a trazabilidade dos lotes trasladados na cadea de comercialización, mediante a identificación das operacións de traslado na información rexistrada nos documentos de control posteriores, habilitando tanto unha declaración de traslado como outra que rexistrará a finalización desta.

A regulación desta actividade atenderá, a aspectos relevantes que se suceden neste tipo de operacións como son os lugares autorizados para almacenar as capturas obxecto de traslado, a duración máxima do almacenamento permitido para as especies sinaladas ou o número máximo de declaracións permitidas. Tamén se recollerá o conxunto de condicións necesarias para o cumprimento destas actividades e a súa rastrexabilidade na cadea de comercialización, con rexistros claramente recollidos nos documentos de transporte, declaracións de recollida ou as notas de primeira venda.